



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Persoal e Organización

*Nomeamento funcionaria de carreira da praza de Enxeñeira Técnica Agrícola do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal do Concello de Culleredo*

**Nomeamento funcionaria de carreira da praza de Enxeñeira Técnica Agrícola do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal do Concello de Culleredo.**

Por resolución da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior, número 1276 do 6 de xuño do 2023, resolveuse o seguinte:

Nomear a dona Beatriz Golán Pardo, con documento nacional de identidade núm. \*\*\*94 8\*\*\*, funcionaria de carreira da praza de enxeñeira técnica agrícola, Grupo A2, código RPT MS.1.2.01.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 14 de xullo de 2023

A concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm. 1260/2023 do 04.07.2023

(BOP núm. 131 do 11.07.2023)

2023/5829